

**DE QUE FALAMOS CANDO  
FALAMOS DE POPULISMO?  
«MÁIS POPULISTA SERÁ A  
TUA AVOA!»**

**Francisco Panizza**

London School of Economics



O título deste artigo alude ao debate, aparentemente de nunca acabar, sobre a definición de populismo e o subtítulo das fortes connotacións negativas asociadas xeralmente ao termo. Como é sabido, non existe acordo no debate académico verbo do significado dun termo que ten sido relacionado, entre outros, con períodos históricos, procesos sociais, políticas económicas e estilos de goberno. Non estou a ignorar neste artigo as distintas perspectivas sobre o populismo nin estou a tratar de pechar o debate sobre el, mais gustaría de apuntar que existe unha considerable acumulación de produción teórica na cal se argumenta que o populismo se caracteriza principalmente pola constitución discursiva dunha relación de antagonismo político entre «o pobo» e algún tipo de estrutura de poder ou actor político opresivos. Margaret Canovan resalta a natureza sistémica dos inimigos do pobo cando define «populismo» como «unha apelación ao “pobo”, tanto contra a estrutura de poder establecida como contra as ideas e valores dominantes da sociedade» (1999: 2), mentres que Carlos de la Torre (2009: 24) destaca os actores en conflito cando o define como a construción dun discurso maniqueo e moralista que sitúa o «pobo» en posición antagónica á «oligarquía» na procura de maior participación política e inclusión (ver tamén Laclau 1977, 2005a e 2005b, Panizza 2005 e Peruzzotti 2008). Para esta noción de populismo resulta crucial a súa natureza discursiva ou lingüística (Laclau 1977, 2005a). No seu libro *La persuasión populista: una historia americana*, Michael Kazin defíneo como «un estilo de retórica política persistente malia que mutable» (1998: 5). Kazin traza a historia do populismo ao longo da vida política norteamericana amosando como aquel muda a identidade reciprocamente construída do pobo e dos seus opresores e como o seu uso por diversos actores fai mutar as súas cores políticas ao ser hexemonizado por progresistas radicais e por conservadores de extrema dereita en distintos momentos ao longo do tempo. Hai outras definicións de populismo, abofé, e moitas preguntas fican abertas con esta definición minimalista, como, por exemplo, se o populismo fai referencia aos líderes, aos movementos ou aos

réximes políticos, e preguntas relativas aos vencellos entre líderes e seguidores e, sobre todo, aos seus efectos democráticos ou antidemocráticos<sup>1</sup>. Neste artigo tomo como punto de partida a noción discursiva de populismo presentada máis arriba e deconstrúoa para argumentar que 1) para comprender o populismo é preciso ter en conta as súas dimensións retóricas, representativas, políticas e normativas e as relacións entre elas; 2) se o populismo é un discurso político ou, en termos de Kazin, «un modo flexible de persuasión» (1998: 3), ten máis sentido falar sobre «intervencións populistas» que sobre actores ou réximes populistas; 3) o fincapé feito por algúns estudos sobre populismo no antagonismo político como definitorio da súa natureza quita visibilidade aos seus elementos normativos, ou o que Canovan chama a súa dimensión «redentora», e 4) mentres que os xuízos normativos sobre populismo son inevitables, a relación entre populismo e democracia non pode establecerse en termos abstractos, senón que debe ser avaliada en relación co contexto político en que ambos se insiren.

Nas seccións seguintes examino cada unha das dimensións mencionadas de populismo e conclúo apuntando que as diferentes variedades de intervencións populistas teñen relacións de dependencia contextual respecto ás institucións democráticas e que é importante facer explícitos os seus alcances normativos.

## FALANDO E VESTÍNDOSE «COMA O POBO»

Comezo esta sección cunha historia que contén moitos dos asuntos —incluíndo as ambigüidades— que se afrontan ao estudar o populismo. Unha apreciación completa da relevancia da historia requiriría unha longa descrición do escenario referido, mais tratarei de ser o máis conciso posible. A historia refírese á campaña electoral do presidente uruguaio, José «Pepe» Mujica. Nun artigo, publicado en maio de 2009, un economista, Ernesto Talvi, alegou que unha serie de mudanzas estruturais profundas na sociedade uruguaia puideron configurar as condicións socioeconómicas para a emerxencia de «tendencias populistas» no país. Sostén Talvi que unha deterioración nos estándares educativos e a emigración de centos

<sup>1</sup> Sobre definicións de populismo que, ao tempo que fan fincapé na súa natureza política, toman en consideración outros aspectos, ver Freidenberg (2008), Knight (1998), Roberts (1995 e 2007) e Weyland (2001). Verbo dunha discusión das relacións entre populismo e democracia, ver Abts e Rummens (2007), Arditi (2004), Panizza (2005) e Panizza e Miorelli (2009).

de miles de cidadáns altamente cualificados puideron conducir a unha diminución da clase media tradicional e á expansión dun sector social pobremente educado e pobremente cualificado para o que as oportunidades de mobilidade social son extremadamente limitadas e que se converteu en dependente da asistencia social do Estado. Talvi (2009) argumenta que, dado o aumento en tamaño deste grupo social, non deberían resultar sorprendentes a emerxencia e o éxito político do que describe como «candidatos atípicos cuxa linguaxe, forma de vestir e actitude contrastan coa *[sic]* dos candidatos de “traxe e gravata”, máis formais, característicos da clase política do país».

En todo, menos no nome, Talvi estíbese a referir a José «Pepe» Mujica, o daquela candidato presidencial do Frente Amplio (FA). A resposta de Mujica, publicada no seu blog, foi tan rápida como enxeñosa. «Máis populista será túa avoa», retrucou (2009a). O ton coloquial e «politicamente incorrecto» da resposta de Mujica parece darlle creto ao argumento de Talvi de que, polo menos a xulgar polo seu uso da linguaxe, Mujica é, de certo, un populista. No entanto, envolto na linguaxe coloquial, que é parte da súa marca rexistrada política, a resposta de Mujica amosa non só unha perspicaz comprensión das implicancias políticas da afirmación de Talvi, senón tamén dos argumentos sobre o populismo. Paga a pena citar un extracto considerablemente longo da súa resposta para apreciar o seu verdadeiro sabor:

Semella que unha nova e terrible ameaza paira sobre o Uruguai: chámase José Mujica e é portador dun virus tenebroso, o «populismo».

Non esaxero; lean os xornais e vanse atopar co resumo da teoría formulada polo economista Talvi, do instituto CERES. Van saber que no noso pobre país hai un terzo da poboación que por falla de educación non serve para nada, só aspira a que o Estado lles dea todo e por definición votan a quen ten a pinta de ser bo para facer chover cartos públicos sobre as súas cabezas.

Un chimpiño máis na teoría e sabemos que ese fato de inútiles recoñecen os seus líderes polo mal que se visten, o ordinarios que son para falaren e a falla de alfombras nas súas vivendas.

Non nomearon a ninguén, era só o que faltaba. Probablemente se referían a Ignacio de Posadas ou a Pedro Bordaberry [dous políticos de clase alta, de centrodereita]. Mais como eu teño manía de persecución e alén diso gusto de me facer de vítima, metéuseme

na cachola que se referían a min. Polo que bulo a responderlle, ao economista Talvi, que máis populista será a túa avoa. (Mujica 2009a)

Hai máis na resposta ca o uso dunha linguaxe popular para deixar sentado un argumento político. Mujica reconece que o termo «populismo» ten múltiples significados e que, dentro de certos contextos, pode ser considerado un eloxio. Comprende claramente, porén, que ese non é o significado en que Talvi utilizou o termo. Citando a Mujica novamente:

Son sabedor que [sic] no mundo da análise política se usa a palabra «populismo» en máis dun sentido e que nalgún contexto pode considerarse ata un eloxio.

Non é esa a versión á que se referiu Talvi nin menos os xornais.

Dixeron «populismo» no sentido de todos os días, o que está asociado a políticos máis ben baratos, que conseguen votos prometéndolle [sic] o paraíso aos pobres e, unha vez no poder, usan o Estado para lles regalar un tempiño de prosperidade mentireira, ata que todo rebenta. (2009a)

Non sei se Mujica lería algunha vez a definición económica de populismo de Rüdiger Dornbusch e Sebastián Edwards (1991) como a busca do crecemento a curto prazo e da distribución do ingreso á custa do aumento da inflación e de voluminosos déficits fiscais. Mais, diferenzas lingüísticas á parte, as semellanzas entre ambas as definicións son destacables. Mujica (2009a) nega rotundamente ser un populista no sentido económico do termo usado por Dornbusch e Edwards, mais tamén no sentido político común usado por algúns analistas políticos; é dicir, como sinónimo de demagogia e de manipulación dos sectores de máis baixos recursos da poboación. Dito coas súas palabras: «Nós non usamos os pobres. Se os expresamos politicamente é porque senten que nos importan e imos facer todo o posible, de boa fe, para eles melloraren. Tal e como aconteceu no Brasil con Lula» (2009a).

Hai varios puntos que paga a pena facer notar neste intercambio. Mujica está no certo ao rexeitar que sexa un populista segundo o significado económico do termo de Dornbusch e Edwards ou no equivalente político impregnado da carga normativa da demagogia. Como político de esquerda foi crítico do neoliberalismo e avoga por máis intervención do Estado na economía, mais nunca apoiou

a irresponsabilidade fiscal ou outras políticas comunmente asociadas ao populismo económico. Politicamente, establece unha distinción entre «manipular os pobres», acusación frecuentemente formulada contra os políticos populistas, e «expresalos politicamente», o que el reivindica. El compárase a si mesmo co presidente Lula da Silva como xeito de dar un sinal sobre a súa posición nos debates actuais sobre a esquerda «populista» e a esquerda «moderada» na América Latina e sitúase a si mesmo na última categoría. Mesmo así, a súa apreciación de que dentro de certos contextos o termo «populismo» pode ser usado como unha expresión de eloxio presenta a interrogante de se el pode ser considerado o que chamarei aquí un «populista bo», termo que explorarei máis extensamente a seguir.

En que sentido pode daquela dicirse que, malia as súas protestas, Mujica é de certo un populista, posiblemente «un bo»? O primeiro nivel en que isto pode ser sostido é o dalgún dos indicadores de identidade tradicionais ao populismo aos que alude Talvi. Refírese ao uso dun estilo de retórica política distintivo que o separa do *establishment* político e o achega aos sectores populares. Por mor dos trazos personalistas e antiinstitucionais do populismo, os símbolos, a retórica e o estilo políticos pesaron moito na súa análise. A identificación populista refórzase pola adopción de elementos culturais por parte do líder que son considerados como marcas de inferioridade pola cultura dominante. Non teño espazo aquí para realizar unha análise detallada dos discursos de Mujica, mais o seu discurso transgride permanentemente as regras da retórica do discurso político, particularmente as regras altamente convencionais da linguaxe pública seguida pola gran maioría dos políticos uruguaios. El utiliza unha linguaxe vulgar en dous sentidos, no de lingua plebea dos sectores populares (a «plebe») e mesmo no uso ocasional de termos groseiros en público (Gatto 2009). A súa vestimenta é tamén unha parte integral do seu atractivo político. É sabido que ata antes da campaña electoral nunca usara traxe e gravata en público e cando fixo o primeiro traxe á medida con ocasión dunha visita ao presidente Lula da Silva no Brasil isto converteuse en titulares de prensa. Vive unha vida notablemente austera nunha pequena granxa nun suburbio rural de Montevideo, onde a miúdo recibe os visitantes nun galpón. No estilo de vida simple de Mujica hai unha forte compoñente ética. É un forte crítico do consumismo e, o que é raro nun político, segue o que predica (Nogueira 2009). Mais tamén é un político experimentado e como tal moi consciente de que a retórica e as aparencias son poderosos impulsores de identificación

política. Non estou a dicir aquí que por si mesmas a retórica e a forma de vestir fan dun político un populista, senón que non se pode comprender a política sen sermos conscientes da importancia dos símbolos na vida política. O uso dunha retórica non política (por exemplo, unha retórica que non se axuste ás normas do discurso político) denota que quen a enuncia é alleo á clase política. Máis aínda, cando esta linguaxe incorpora expresións, formas de fala, estilos musicais e características da vestimenta dos sectores populares, non só transmite unha mensaxe antielitista, senón que inverte as xerarquías sociais ao introducir, na esfera pública, elementos culturais que se consideran características de persoas socialmente inferiores ou sen educación. Na América Latina abundan exemplos deste tipo de xogo simbólico. En Ecuador, a falla de bos modais de Abdalá Bucaram e o estilo pouco ortodoxo da súa campaña electoral, que incorporaba linguaxe irreverente e impropiedades verbais, foi presentado polos medios dese país como unha vergoña para o civismo e unha proba de que Bucaram non estaba á altura da súa investidura. No entanto, como o sinala Carlos de la Torre (2000), ao personificar conscientemente a vestimenta, a linguaxe e os modais da xente común, que era desprezada polas elites e os seus imitadores de clase media, Bucaram atraeu o voto daqueles que vían nel un espello da súa forma de ser e a elevación da súa propia cultura á esfera pública. Nos Estados Unidos, George Wallace pronunciaba mal palabras á mantenta para crear unha imaxe de paduán ignorante, un trazo que destacaba tanto a súa distancia dos centros de poder como a súa proximidade á xente común (Kazin 1998, Lowndes 2005). Nun exemplo máis recente, Hugo Chávez ten un dominio maxistral dos códigos da retórica política que lle permite desprazarse fluidamente dentro do mesmo discurso desde a cita de cifras económicas expresándose como estadista a formas de enunciación coloquiais e persoais e de linguaxe *quasi* relixiosa de profeta visionario e á retórica nacionalista e anti-imperialista, mesturada cun groseiro «que vaia ao carallo» contra o embaixador dos Estados Unidos (Zuquete 2008)<sup>2</sup>.

Unha análise sobre a «política da vestimenta» do populismo, desde a celebración dos «descamisados» con Perón ata os icónicos xerseis de Evo Morales, pode reforzar a evidencia de que, se ben os símbolos son aspectos importantes de calquera xogo político, son particularmente cruciais no modo de identificación populista. As orixes socioeconómicas, a raza, as raíces étnicas e outros marcadores

---

<sup>2</sup> <http://www.youtube.com/watch?v=toKXMcfOBY>.



de exclusión foron tamén elementos simbólicos importantes que axudaron a políticos como Evo Morales, Lula da Silva e mesmo Barack Obama a ser percibidos polos seus seguidores como «un de nós», en contraste coas elites políticas e económicas tradicionais dos seus respectivos países. Non estou a afirmar que os políticos que falan, que se visten e que son vistos como «o pobo» son necesariamente populistas ou que, á inversa, todos os políticos populistas falan, se visten e se ven como «o pobo». O que digo é que, se o populismo é un modo de identificación, é preciso ser consciente do repertorio completo de marcadores simbólicos de identidade para facer que a identificación cos sectores discriminados e subordinados sexa máis probable.

## REPRESENTANDO O POBO

É necesario transitar agora desde o falar *coma* o pobo cara ao falar *polo* pobo; isto é, da retórica á representación. A distinción é, abofé, analítica, xa que a forma e o seu contido non poden ser separados completamente na análise do discurso, mais no populismo hai unha pretensión de falar *polo* pobo que precisa ser explorada en máis profundidade. Nun discurso improvisado, logo de gañar as eleccións primarias para a presidencia do Frente Amplio, Mujica captura os elementos formais e substantivos da representación política que busco discutir aquí. «Sei o que represento dentro do Frente Amplio e dentro desta sociedade que construíu arquetipos. Hai un negro nos Estados Unidos, un indio en Bolivia e sen odio o digo, que o país saiba que represento os que veñen ben de abaixo» (2009b).

A maioría das definicións de populismo fan fincapé na vontade do líder de interpelar o pobo como «os desposuídos» ou, como o di Mujica, aqueles «que veñen ben de abaixo». É difícil, porén, establecer se existe efectivamente unha relación directa entre o líder e o pobo ou determinar con precisión o que esta implica. Unha apelación directa do líder ao pobo ten máis probabilidades de ser posible en sistemas políticos debilmente institucionalizados, nos que hai poucas instancias institucionais de mediación entre os políticos e aqueles aos que se dirixen. No entanto, mesmo en países con institucións representativas relativamente fortes e estables, particularmente naqueles con sistemas presidenciais, os cidadáns identifícanse directamente con líderes políticos alén ou por encima dos parti-

dos aos que pertencen. Un caso claro é o de Lula da Silva, quen, na elección de 2006, gañou case o 60 % do voto popular, mentres que o seu partido, o Partido dos Trabalhadores (PT), obtivo apenas arredor do 20 % dos votos. Nos Estados Unidos só unha porcentaxe relativamente pequena da cidadanía se identifica a si mesma como partidaria dun dos grandes partidos, o cal quere dicir que calquera candidato presidencial de éxito debe ter a capacidade de atraer a maioría dos electores independentes. Por outra banda, na Arxentina, o Partido Justicialista (Peronista) foi unha estrutura de mediación forte nas relacións entre os supostamente populistas candidatos peronistas e o pobo arxentino.

O característico do populismo non é tanto a relación directa entre o líder e o pobo, senón a habilidade do líder para chegar a aqueles que senten que non teñen voz no sistema político. Quen son estes desamparados «sen voz»? Para poñelo en termos un pouco simplistas, son os que sofren de exclusión económica, social ou política ou, polo menos, os que se consideran a si mesmos como tales. «Falar polo pobo» é unha construción política que non necesariamente coincide con categorías socioeconómicas. Mais nunha rexión como a América Latina, que ten os niveis máis altos de desigualdade socioeconómica no mundo, os pobres ocupan verdadeiramente o lugar máis baixo da sociedade e calquera pretensión de representar os máis desposuídos ha de procurar mellorar a súa condición e obter o seu apoio electoral.

En moitos países da América Latina as preferencias electorais volvéronse crecentemente determinadas por clivaxes socioeconómicas, segundo as cales as clases medias votan polos políticos do sistema tradicional e os pobres por políticos externos a este. A tendencia á polarización electoral de acordo con divisións socioeconómicas viuse reforzada pola execución de programas sociais focalizados e outras prestacións de benestar que consolidaron os vencellos entre os líderes (agora presidentes) e o pobo, desde as «misións» de Chávez á «bolsa familia» de Lula da Silva. No caso deste último, os programas sociais foron un importante factor contribuínte na mudanza significativa da súa base de apoio electoral, desde as clases medias progresistas e a clase traballadora organizada no polo industrial do estado de São Paulo en 2002 cara aos votantes pobres nas zonas relativamente menos desenvolvidas no norte e nordeste do país en 2006 (Hunter e Power 2007, Zucco 2008), revivindo a vella imaxe varguista do presidente como «o pai dos pobres». No caso do Uruguai, onde o Goberno do Frente Amplio execu-

tou programas sociais semellantes, as implicacións políticas desta mudanza foron condensadas no argumento de Talvi sobre a nova base social do populismo dos dependentes dos programas sociais, que non teñen educación ou non poden conseguir emprego, e na aguda reinterpretación de Mujica dese argumento en termos de «un terzo da poboación que por falla de educación non serve para nada, só aspira a que o Estado lles dea todo e por definición votan a quen ten a pinta de ser bo para facer chover cartos públicos sobre as súas cabezas» (2009a). Dun xeito máis sofisticado, Kurt Weyland (2007) establece a relación entre representación populista e beneficios económicos cando argumenta que as loitas redistributivas sobre a apropiación das rendas das *commodities* son a razón do rexurdimento populista na América Latina, o cal é compartido por Joseph Stiglitz cunha carga normativa diferente cando afirma con certa liviandade que, «se por populismo un quere dicir preocuparse polos dous terzos de máis baixos recursos da poboación, daquela o populismo non é unha cousa mala» (2006: 62). A identificación do «pobo» como os pobres e o seu corolario, a importancia da política de redistribución económica para comprender o populismo, son un aspecto importante da representación populista na América Latina contemporánea e esperta un considerable número de interrogantes verbo das relacións entre o populismo político e o económico. Por si sos, no entanto, os beneficios económicos e o apelar aos pobres non dan conta da representación populista. A representación trata de dar voz e recoñecemento aos politicamente excluídos tanto como de dar beneficios económicos aos excluídos do sistema socioeconómico. Ao longo da historia do populismo latinoamericano, a política do recoñecemento marcou a irrupción na escena política dos sectores populares urbanos subalternos. Carlos de la Torre amosa exemplos temperáns da política do recoñecemento en Ecuador cando lembra que José María Velasco Ibarra introduciu a política de masas en Ecuador incorporando persoas previamente excluídas do sistema á comunidade política. En palabras de De la Torre, «[Velasco] democratizou os espazos públicos traendo a política dos salóns das elites ás rúas. Os seus seguidores, *aos que, por vez primeira, lles foi dirixido o discurso nas prazas públicas, afirmaron o seu dereito a ocuparen espazos públicos*» (1994: 689; resaltado meu). Unha parecida irrupción plebea no espazo público aínda resoa no imaxinario político arxentino en referencia á mítica ocupación da praza de Maio polos traballadores da periferia de Bos Aires o 17 de outubro de 1945.

A política do recoñecemento e a política da redistribución foron da man no ascenso de Evo Morales á presidencia de Bolivia. A importancia da redistribución das rendas do petróleo queda testemuñada na campaña do seu partido, Movimiento al Socialismo (MAS), polo incremento das remuneracións por licenza pagadas ao Estado polas compañías de gas e petróleo e polas confrontacións subseguintes entre o Goberno central e as provincias ricas en gas e outros recursos naturais da chamada «Media Lúa» boliviana (Santa Cruz, Beni, Pando e Tarija) pola asignación das rendas dos hidrocarburos. Mais, mentres que a política do recoñecemento e a política de redistribución rara vez poden chegar a se separar completamente, a campaña para o recoñecemento da igualdade cultural, política e social da maioría indíxena boliviana foi unha característica dominante do discurso político de Morales. Resulta rechamante na lectura dos discursos de Morales ver como están dominados por universais morais e políticos: «a dignidade», «a equidade», «a soberanía», «a xustiza», «a liberación», no canto de cuestións estritamente económicas. A razón para este fincapé descansa, segundo o discurso inaugural de Morales (2006), na historia da discriminación cultural e racial, a exclusión política e a explotación económica da maioría indíxena boliviana:

Os pobos indíxenas —que son a maioría da poboación boliviana— [...]. Estes pobos, [*sic*] historicamente fomos marxinados, humillados, odiados, desprezados, condenados á extinción. Esta é a nosa historia; estes pobos xamais os recoñeceron como seres humanos, sendo que estes pobos son os donos absolutos desta nobre terra, dos seus recursos naturais. (s/p)

No caso de Venezuela non hai dúbida sobre a importancia dos altos ingresos relacionados co petróleo na explicación da popularidade de Chávez (Coronil 2008, Hidalgo 2009, Riutort 2007, Weyland 2007). Hai tamén argumentos para afirmar que Chávez administrou mal os ingresos petroleiros e que as súas políticas económicas non son sustentables no longo prazo e que poden, en última instancia, socavar a súa base de apoio social. Tamén pode ser lexítimo concibir preguntas tales como se as súas políticas sociais están a atacar as causas subxacentes de pobreza e exclusión no país ou a perpetualas efectivamente (Penfold-Becerra 2007, Riutort 2007). O que resulta importante cuestionar, porén, é unha explicación simplista de natureza economicista verbo do apoio popular de Chávez como resultado exclusivo das prestacións sociais coas que atrae a defensa que lle

brindan os pobres. Se o conflito social en Venezuela no decenio dos noventa e no decenio do 2000 se definise só polas loitas sobre a distribución das rendas do petróleo, é improbable que aquel conducise a unha ruptura tan radical da orde política coma a representada pola Revolución Bolivariana. Un relato completo do chavismo require pór na mira os seus elementos políticos tanto coma os económicos. Como o expresa Julia Buxton (2009: 2):

En 1998 Chávez non foi elixido sobre a base dunha plataforma de esquerda, pola promesa dunha redistribución económica ou porque prometeu enfrontarse ao neoliberalismo. Basicamente, Chávez foi elixido porque prometeu crear unha forma completamente nova de democracia, un modelo cualitativamente distinto de organización institucional e constitucional e un novo tipo de compromiso político para os cidadáns venezolanos.

Por isto, a definición inicial do proxecto fundacional de Chávez foi bolivariano máis ca socialista. Chávez extraeu da tradición populista a noción dun pobo virtuoso erixíndose, logo dun longo período de opresión, nunha loita de nunca acabar pola xustiza social e, da tradición militar, a noción de si mesmo como un patriota desinteresado, disposto a sacrificar o seu propio interese e benestar pola xente do seu país (Capriles 2008: 9). O seu discurso político pretende que os seus seguidores sintan que son participantes dunha loita de longa data pola liberación do pobo venezolano, do mesmo xeito que Miranda e Bolívar, xunto co pobo venezolano douscentos anos antes, liberaron Venezuela do xugo español (Zuquete 2008: 102).

## ANTAGONISMOS POPULISTAS E INTERVENCIÓNS POPULISTAS

É preciso agora pasar da política da representación ás estratexias políticas na nosa análise sobre o populismo. Executar políticas redistributivas ou dar recoñecemento político aos discriminados e excluídos, sexan estes cidadáns individuais ou actores sociais colectivos, son elementos importantes da forma de identificación populista, mais non definen por si mesmos o populismo. O populismo é unha estratexia política (Weyland 2001) tanto como un modo de identificación (Panizza 2005) (ou, mellor dito, unha estratexia de identificación política) e o antagonismo é o

elemento que define a dita estratexia. A historia de Kazin sobre o populismo estadounidense amosa como diferentes narrativas políticas do conflito entre os poderosos e os máis débiles estiveron presentes ao longo da vida civil norteamericana. Establecer quen son os poderosos e quen son os débiles foi definido e redefinido por versións progresistas e conservadoras do populismo en diferentes momentos no tempo, debuxando así as liñas de forza que caracterizaron e aínda caracterizan as batallas da política norteamericana. Canovan tamén fai notar que o antagonismo político é do celme do populismo cando o define como un chamamento ao «pobo» *contra* a estrutura de poder establecida e as ideas e valores dominantes (1999: 2). A existencia dun «outro» externo ao pobo é unha condición para a unificación das identidades populares naturalmente fragmentadas e dos intereses diverxentes porque, como o sinalou Glenn Bowman (2005), ao oprímilos a todos o opresor simultaneamente os transforma a todos eles como «parte do mesmo».

Como se constrúe discursivamente o antagonismo político característico das estratexias populistas? Os escritos de Ernesto Laclau (1977, 2005a, 2005b) verbo do populismo ofrecen unha elegante teoría formal sobre a construción dos antagonismos a través da análise do que el chama relacións de diferenzas e relacións de equivalencias. Mentres que ningunha sociedade se estrutura exclusivamente por relacións de diferenzas ou relacións de equivalencias, as relacións de diferenzas predominan nas ordes políticas altamente institucionalizadas, como as democracias pluralistas e liberais, en tanto que as relacións de equivalencias predominan en tempos de crise e polarización, cando as institucións perden o seu poder para estruturar as relacións sociais. Laclau sinala que, cando unha serie de demandas sociais non poden ser absorbidas nunha forma *diferenciada* polas canles institucionais, aquelas convértense en demandas insatisfeitas que entran nunha cadea de solidariedade ou *equivalencia* dunhas con outras, como reclamacións igualmente desatendidas. Os líderes populistas plasman as reclamacións comúns (as relacións de equivalencias) arredor dun antagonismo que simplifica o ámbito social na súa oposición en común contra o que eles identifican como responsable do *statu quo*, tal como o «neoliberalismo» ou «a partidocracia».

Pódese dar algunha substancia a esta elaboración bastante abstracta de cadeas de equivalencias e relacións de antagonismo facendo referencia a acontecementos contemporáneos na América Latina. Nunha formulación que se aproxima moito á cadea de equivalencias de Laclau, Ken Roberts (2008) realiza un paralelismo

entre a onda actual de incorporación política e a primeira onda, que tivo lugar a mediados do século pasado, un período que tamén foi dominado pola política populista. Roberts (2008: 330) nota a capacidade decrecente das institucións do Estado para responderen ás demandas sociais da cidadanía no medio da crise polas débedas e os programas de axuste estrutural orientados polo mercado no decenio dos 90 e comezos do 2000 para argüír que as necesidades sociais insatisfeitas e as inseguridades económicas intensificadas proporcionaron unha base «para a articulación colectiva de reclamacións políticas» contra o neoliberalismo. A maneira en que as ditas demandas colectivas puideron articularse efectivamente é analizada no estudo sobre as protestas políticas en Bolivia na primeira metade do decenio do 2000 realizado por Moisés Arce e Roberta Rice (2009). O seu estudo amosa como as protestas se caracterizaban pola formación dunha nova identidade colectiva que atravesou clases sociais, etnias, rexións, xeracións e outros sectores sociais, definidos en oposición ao neoliberalismo. Malia que as protestas empezaron por ser específicas e localizadas, como as demandas polos dereitos sobre a auga en Cochabamba, rapidamente se estenderon a outras partes do país e se desenvolveron nunha oposición xeneralizada ás políticas económicas do Goberno e aos chamados partidos tradicionais do país. O que fixo tan efectivas as protestas foi a habilidade dos organizadores dos movementos para vencellaren as demandas de grupos dispares a unha crítica coherente da orde política e económica do país, co poder de mobilizar milleiros de persoas en marchas, bloqueos de estradas e outras formas de acción directa (Arce e Rice 2009, Suárez 2003, Kohl e Farthing 2006). Como foi posible acadar un nivel tan elevado de unidade e de mobilización, en particular tendo en conta que as novas coalicións carecían de canles institucionais de representación social e as mobilizacións ocorrían frecuentemente sen unha coordinación centralizada e con cada grupo da sociedade civil a perseguir a súa propia axenda? A resposta de Arce e Rice (2009: 98) é que o «neoliberalismo» se tornou un símbolo organizacional contra o cal os movementos sociais reuniron apoio para os seus esforzos mobilizadores.

Nas análises de Roberts e de Arce e Rice sobre protestas sociais hai un conxunto de puntos que merecerían maior consideración, sendo o máis obvio o feito de seren os movementos sociais, máis ca os líderes populistas, os actores principais na articulación de demandas. A versión de Arce e Rice sobre a mobilización social en Bolivia subestima o papel dos principais líderes políticos sindicais e indíxenas

en articular as protestas e non toma debidamente en conta a habilidade de Evo Morales para cristalizar os antagonismos sociais a un nivel político máis elevado. O importante para o propósito deste artigo, porén, é ilustrar as implicancias das análises de oposición social ao liberalismo na América Latina contemporánea para comprender mellor as políticas populistas.

Na América Latina hai moitos exemplos da estratexia política de dicotomización do espazo social por líderes políticos. Hugo Chávez usou sistematicamente os antagonismos políticos para unir os seus seguidores contra un grupo variado de «inimigos do pobo», desde os partidos tradicionais á oligarquía económica e a oposición e desde o presidente Uribe, de Colombia, ao «díaño Bush». As políticas do antagonismo, enmarcadas na oposición entre o pobo, por unha banda, e as partidocracias e o neoliberalismo, pola outra, tamén desempeñaron un papel significativo nas estratexias políticas de Evo Morales e Rafael Correa. Dada a centralidade do antagonismo no populismo, talvez se podería establecer unha distinción entre os líderes «populistas» e os «populares» arredor da constitución estratéxica dos antagonismos políticos do populismo. Os líderes políticos como Mujica e Lula da Silva (e Obama) poden falar ou ser percibidos «como que son “do pobo”» e «como que falan “polo pobo”», pero son construtores de pontes, máis ca cavadores de trincheiras. Lula da Silva é, seguramente, un dos poucos líderes políticos no mundo que se atopa igualmente cómodo no Foro Económico Mundial (WEF) e no Foro Social Mundial. Obama veu personificar a política posracial nos Estados Unidos. E, na súa linguaxe inimitable, Mujica (2009c) presenta un forte argumento a prol da política de compromiso sobre a política do antagonismo e contra o argumento populista de que a mudanza é sobre todo unha cuestión de vontade política:

Gobernar non é facer o que se quere. Gobernar cunha visión progresista é zurcir todos os días. É tecer incansablemente alianzas políticas e sobre todo alianzas sociais, para ensanchar todo o posible a base de sustentación. As contradicións sociais van seguir a existir, mais se un deixa que unha punta mace na outra, sen piedade, terminamos todos magoados e tornando o pastel máis cativo. (s/p)

A distinción entre políticos populistas (o predominio da política do antagonismo) e populares (o predominio da política das diferencias), porén, precisa



polo menos ser examinada. Se o antagonismo político está na esencia do populismo, quere isto dicir que toda estratexia política que dicotomiza o espazo político é necesariamente populista? Claramente non. No século XIX, a elite urbana na América Latina enmarcaba o discurso político arredor da dicotomía «civilización ou barbarie» para xustificar a súa loita contra os caudillos rurais, sen por iso ser precisamente populista. É máis, o antagonismo é, polo menos de acordo con Carl Schmitt, constitutivo non só do populismo, senón do político; xa que logo, non pode ser, exclusivamente, unha característica distintiva do populismo. Laclau resolve o problema argumentando que, efectivamente, populismo é o mesmo ca política (2005a: 47). Por razóns que non podo elaborar aquí, penso que esta é unha solución tanto teórica como empiricamente insatisfactoria. Desde o meu punto de vista, non se pode dar unha definición puramente formal (ontolóxica) do populismo baseada no papel constitutivo do antagonismo. Na comprensión do populismo é preciso incluír a súa dimensión normativa, contida na reclamación de que, coa exclusión daqueles que non teñen voz no sistema, a orde política viola principios fundamentais de equidade, xa sexa na súa dimensión política (representación) ou nas dimensións socioeconómicas (redistribución). Se este é o caso, a promesa de reparar a inxustiza (a política de incorporación) é, polo menos, tan crucial para a comprensión do populismo coma a constitución dun antagonismo entre o pobo e os seus opresores. Se a reparación da inxustiza require a destrución do sistema (o aspecto fundacional do populismo) ou traballar dentro do sistema para dar voz política e beneficios económicos aos excluídos, isto depende máis ca nada do contexto. Historicamente, moitos movementos populistas da América Latina actuaron con pragmatismo para incorporar os de máis abaixo ao sistema a través de formas corporativas de representación política, políticas sociais e prácticas de intermediación de natureza clientelar. Paga a pena lembrar que isto foi denunciado historicamente pola esquerda como evidencia da natureza conservadora do populismo. Máis recentemente, os líderes da esquerda radical populista buscaron restaurar a soberanía do pobo a través da mudanza das ordes constitucionais, fundando repúblicas bolivarianas e democracias participativas plurinacionais. Na práctica, as dúas alternativas —traballar dentro da orde política existente ou buscar unha orde radicalmente nova— atópanse nos extremos opostos dun contínuum que pode estar suxeito a unha variedade de intervencións populistas.

Nun contexto de crise de representación, como foi o caso en Bolivia, Ecuador e Venezuela cara a finais dos 90 e temperamente no decenio do 2000, os aspectos fundacionais do populismo transformáronse en dominantes, mentres que noutros contextos máis institucionalizados os antagonismos populistas son mediados e constringidos polo xogo político institucional. Os Gobernos dos Kirchner na Arxentina son un exemplo de como o contexto define o alcance e límites do antagonismo populista. Para algúns académicos, os Kirchner representan o retorno do populismo á Arxentina. Eles —particularmente o finado Néstor Kirchner— centralizaron o poder na presidencia, lexislando por decreto e usando fondos públicos para aseguraren a lealdade dos gobernadores estatais e para aceitaren as rodas da máquina do clientelismo peronista. Ambos manifestáronse contra o neoliberalismo e a democracia de mercado dos noventa e reviviron a política popular nacional e as políticas da esquerda peronista do decenio de 1970. Néstor Kirchner chegou a ser ben coñecido pola súa propensión a se implicar en querelas políticas cunha ampla variedade de inimigos, desde o FMI ata os militares, e pola súa estreita alianza con Hugo Chávez. Talvez o exemplo máis emblemático da política do antagonismo nas Administracións dos Kirchner fose a confrontación entre os produtores rurais e a presidenta, Cristina Fernández de Kirchner, en 2008, que seguiu ao intento do Goberno de introducir unha nova escala móbil para os impostos á exportación de grans e sementes oleaxinosas. A confrontación polarizou a sociedade arxentina. Tivo unha dimensión normativa forte ao acusar a presidenta Cristina Fernández de Kirchner os produtores (ricos) de lle negaren egoistamente os fondos necesitados polo Goberno para executar os seus ambiciosos programas sociais.

Por un momento a Arxentina pareceuse aos países andinos canto ao seu nivel de conflito social. A confrontación estendeuse polas rúas e os camiños, con agricultores a bloquearen as estradas e os partidarios e opositores do Goberno a marcharen polas rúas de Bos Aires. Tamén evocaba as loitas pasadas entre Perón e a así chamada «oligarquía latifundista», talvez cunha connotación do aforismo de Marx sobre as diferentes formas en que a historia se repite. E, con todo, o Goberno perdeu a pelexa porque o Congreso votou en contra do imposto. A resolución do conflito a través de medios institucionais trae a consideración o argumento de Steven Levitsky e María Victoria Murillo (2008) de que, calquera que sexa o conxunto de semellanzas superficiais entre Kirchner e Chávez, a Arxentina non é Venezuela porque, malia as intervencións populistas de Kirchner e a debilidade

do sistema de partidos do país, as bases institucionais e sociais do pluralismo democrático na Arxentina son moito máis fortes ca en Venezuela.

Ten sentido falar de populismo en sistemas políticos institucionalizados con controis e contrapesos, cunha sociedade civil forte e activa e bo funcionamento das institucións representativas? Eu penso que ten, sempre que non se faga referencia ao populismo como un réxime político ou como algunha clase de totalidade abrangedora, senón, segundo o suxerido anteriormente, como intervencións populistas realizadas nunha contorna discursiva e institucional política máis ampla. Para comprender o que se entende por «intervencións» é importante ter en mente a observación de Kazin (1998: 3) de que, cando se traza a historia do populismo nos Estados Unidos, el non sostén que os seus suxeitos de estudo eran populistas, no mesmo sentido de que poderían ser unionistas ou socialistas, protestantes ou católicos, demócratas liberais ou republicanos conservadores. Máis ben, a súa premisa é que estes políticos empregaban o populismo como unha «forma flexible de persuasión». Como o expresa con referencia aos seus casos de estudo de populismo, «o populismo, claro, non foi o único elemento na súa retórica, mais coido que é imposible negar a súa importancia» (1998: 6).

Aínda que estou de acordo coa formulación de Kazin, eu usaría «intervencións» antes ca «retórica» para significar un conxunto máis amplo de prácticas materiais e simbólicas asociadas co modo populista de identificación. Nalgúns casos, «intervencións» refírese ás características persoais do líder ou á súa traxectoria política cando o proxectan como alleo á orde establecida, malia que non necesariamente en antagonismo con ela. Abonda con pensar como foi usada a vida de Obama pola extrema dereita nos Estados Unidos para argumentar que nin sequera é un cidadán norteamericano ou, nunha versión menos fundamentalista, como gañou as primarias do Partido Demócrata presentándose a si mesmo como un político alleo á máquina do partido. Non é trivial para comprender o atractivo de José Mujica o ter en conta que foi un líder guerrilleiro tupamaro no decenio de 1970, unha condición da que nunca se arrepeniu ou renegou e pola cal pasou longos anos en prisión baixo condicións arrepiantes. A relevancia do seu pasado é que este non desapareceu completamente, non no sentido de que el estea a avogar por unha revolución violenta ou que os seus electores apoiem as metas e os métodos dos tupamaros, senón, máis ben, polo feito de que os tupamaros fosen un movemento antisistémico que desafiou a orde política e económica, non no nome da clase traballadora ou da

ideoloxía marxista, senón no nome do pobo contra a oligarquía. Non sen razón os seus antigos críticos e actuais aliados, os comunistas, os acusaron de «populistas». Como político, Mujica non denuncia as institucións políticas do seu país como ilexítimas e é un negociador político sagaz. Poida que se transformase nunha especie de vello sabio da política uruguaia e hai pouco no seu programa económico que poida ameazar os intereses empresariais. El traballa dentro do sistema e non contra o sistema, mais as súas raíces políticas e a súa biografía persoal, tanto coma a súa retórica política e a súa afirmación de representar os de máis abaixo da sociedade, fan de Mujica un estraño, se non ao sistema como tal, polo menos á elite política, e convérteno nun líder que é idolatrado polos pobres, mais que antes de chegar ao Goberno non lles espertaba confianza a importantes sectores das clases medias. Como sostivo no seu momento Jorge Lanzano,

Mujica ten un perfil populista, baseado no carisma, posturas anti-*establishment* e unha apelación aos pobres, que se viu reforzado polos seus trazos persoais e a súa liñaxe como membro do movemento guerrilleiro tupamaro do decenio dos 60, así como pola súa afinidade polos Kirchner gobernantes da Arxentina e a esquerda «bolivariana». (2009: 2)

Noutros casos, os líderes políticos utilizan as intervencións populistas xunto con outras formas de retórica política, para obteren certos efectos políticos. O caso de Lula da Silva ilustra este punto. Ao se enfrontar a acusacións de corrupción contra o seu Goberno durante a campaña electoral de 2006, Lula usou ambos: o discurso populista dos excluídos contra a elite política e o discurso institucional das diferenzas para se defender a si mesmo e o seu partido contra as acusacións. Así, durante unha xira polo nordeste, onde tiña un forte apoio popular entre os pobres, o presidente Lula dixo:

A mesma elite que levou Getulio [Vargas] à morte, que levou Juscelino [Kubitschek] ao maior processo de acusação e de mentiras, que tirou João Goulart, essa mesma elite tentou me tirar. Só que a diferença básica no meu caso não é que eu fosse melhor. E que tinha um componente que eles não contavam e descobriram que existia chamado povo brasileiro. («Lula diz que...», s/p)<sup>3</sup>

---

<sup>3</sup> «Lula diz que, sem reforma, novos escândalos surgirão», *Folha de São Paulo*, 24 de xullo de 2006.

Porén, ao día seguinte el argüíu que a corrupción era un elemento estrutural da política brasileira: «Não pensem que o erro de cada um é individual ou partidário. O que acontece são os acúmulos de deformações que vêm da estrutura política do nosso país» (s/p)<sup>4</sup>.

Os extractos anteriores deixan en claro que Lula se estaba a presentar a si mesmo como parte do pobo baixo ataque por unha sempre presente elite dominante que xa fixera caer outros líderes populares e, ao mesmo tempo, presentaba a corrupción como un atributo do sistema político do cal o seu partido, o PT, formaba parte. No primeiro argumento el estaba a ser atacado por causa da corrupción porque estaba baixo o ataque do sistema. No segundo argumento membros do seu partido estaban involucrados en actos de corrupción porque eran parte do sistema. Pódese lembrar a tantas veces citada declaración de Lula de que a crise financeira de 2008-09 foi causada por «xente branca, de ollos azuis», e non por «persoas negras, pobres ou pobos indíxenas», para un facer unha idea de por que Lula se converteu «oficialmente» no «político máis popular da Terra»<sup>5</sup>.

Se as sombras dunha vida vivida como un *outsider* ou a fustrigación ocasional ao sistema fosen todo o que son as intervencións populistas, o atractivo do populismo en sistemas políticos altamente institucionalizados sería real mais limitado, un tipo de populismo leve. Hai, porén, outra característica do populismo que o torna potencialmente unha forza política poderosa en calquera contexto democrático. Canovan argúe que a democracia moderna ten dúas caras, unha redentora e outra pragmática<sup>6</sup>. Sostén, alén diso, que, malia as dúas se opoñeren, as dúas son tamén interdependentes; e que entre elas xace unha fenda na que é presumible que apareza o populismo (1999: 10-11). Canovan establece a distinción entre políticas redentoras e pragmáticas examinando diferentes elementos, como a atribución de

<sup>4</sup> *Ibíd.*

<sup>5</sup> [http://www.liveleak.com/view?i=37d\\_1238723472](http://www.liveleak.com/view?i=37d_1238723472) [última consulta: 21 de outubro de 2010].

<sup>6</sup> Ela sinala as distincións no traballo de Michael Oakeshott, quen argumentaba que a política en Europa estivo marcada pola tensión entre dous estilos políticos que el denominou «a política da fe» e «a política do escepticismo». Segundo isto, a política é tomada como o camiño de acadar a perfección ou salvación no mundo asumindo que é a acción do Goberno a que pode logralo. «A política da fe», xa que logo, implica a mobilización do entusiasmo popular para esta tarefa, unha procura de maior poder para o lograr e a confianza de que é seguro outorgar ese poder aos seres humanos. A política do escepticismo, pola contra, é recosa tanto do poder como do entusiasmo e ten expectativas moito máis baixas sobre o que os Gobernos poden lograr» (Canovan 1999: 8).

que, pragmaticamente, a democracia é unha forma de goberno e unha maneira de aturar pacificamente os conflitos das sociedades modernas por medio dun repertorio de regras e prácticas, mentres que, para a cara redentora da democracia, o pobo é a única fonte de autoridade lexítima e a salvación prométeselles sempre e cando se fagan responsables politicamente das súas propias vidas. El conclúe que, polo menos nalgún grao, a promesa de salvación da democracia redentora resulta necesaria para lubricar a maquinaria da democracia pragmática e que, se non está presente no interior do sistema político establecido, ben podería reafirmarse na forma dun desafío populista. Hai unha formulación paralela na relación entre a promesa redentora do populismo e a política democrática do día a día na afirmación de Kazin, para quen o populismo «enraíza na fenda entre os ideais americanos e aquelas institucións e autoridades cuxo desempeño os traizoan», e na súa observación de que o populismo é «unha forma de “optimismo retórico”» (1998: 289). Dito nas súas palabras: «Só cando os esquerdistas ou os propios liberais faloron ao estilo populista —esperanzado, sen reservas, ata romántico— é cando foron quen de conceder á súa política unha face de maiorías e de axudar significativamente a mellorar o benestar común» (1998: 6-7).

Para algunhas versións do populismo, a dimensión redentora da democracia non se pode realizar no interior do sistema porque non pode haber espazos políticos comúns entre «o pobo» e os seus «opresores». De aí que a fenda entre as dúas dimensións da democracia sexa insuperable baixo as regras institucionais correntes e débese refundar o sistema sobre bases diferentes. A retórica redentora afonda no pasado para evocar formas de organización colectiva indíxena e deliberación democrática en Bolivia ou ideais bolivarianos selectivos en Venezuela co fin de as contrastar coas inequidades do presente e inspirar as persoas na marcha cara a un futuro mellor. Con todo, o optimismo retórico do populismo tamén pode manifestarse no intento de pechar a fenda entre as dimensións redentoras e pragmáticas da democracia sen alcanzar nunca a facelo por completo ou, alternativamente, escachizando a orde política. Lula da Silva é percibido cada vez máis, en particular dentro do Brasil, como un político ultrapragmático que pacta cos seus antigos críticos de dereita e adoptou o así chamado legado neoliberal do seu predecesor, Fernando Henrique Cardoso. Moitos analistas, ao rastrexar a orixe pública do xiro pragmático de Lula, atópano na súa famosa «Carta ao pobo brasileiro» (Da Silva 2002), publicada a comezos da campaña electoral de 2002,

na que prometeu que, se era elixido, o seu Goberno cumpriría coas condicións fiscais e monetarias impostas polo Fondo Monetario Internacional (FMI). Mais paga a pena lembrar que, no centro da campaña de Lula no 2002, non estaba a promesa pragmática de facer un reembolso ao FMI, mais a promesa redentora de acabar coa fame nun país onde millóns de persoas aínda a sufrían. E, mentres que o seu estilo de goberno se volveu máis e máis pragmático e menos redentor e a promesa de «Fome Zero» se transformou pragmaticamente na altamente efectiva «Bolsa Familia», a dimensión redentora da retórica do presidente Lula aínda pode atoparse, talvez demasiado convenientemente, nas súas intervencións nas arenas internacionais, nas cales fai campaña por un novo equilibrio da orde mundial a favor daqueles que están «debaixo de todo». Como o dixó nun discurso no Foro Social Mundial en 2009:

O que essa gente [as elites políticas e económicas] não percebeu é que hoje o povo mais humilde da América Latina, os índios da Bolívia, os índios do Equador, os índios brasileiros, os seringueiros, os trabalhadores da Venezuela, do Paraguai, as pessoas aprenderam a não ter mais intermediário para escolher os seus dirigentes. As pessoas votam diretamente e escolhem em que elas confiam<sup>7</sup>.

Hai momentos en que un lema electoral capta a mensaxe redentora do populismo. Na campaña electoral de 1989 Carlos Menem dixó ao pobo arxentino: «Síganme, non os vou defraudar». A apelación de Menem pode ser interpretada de moi diversos xeitos. Pode ser vista como unha evidencia da natureza personalista e vertical do populismo e do baleiro programático, se non da duplicidade das promesas da súa campaña. Mais, no momento en que o pobo arxentino sufría de terribles dificultades económicas, o seu lema transmitiu a promesa de sacar as persoas da súa condición e de mellores tempos por viren. En moitos aspectos Obama é a antítese de Menem e así o foi o slogan da súa campaña. «Si, nós podemos» transmite unha mensaxe moi diferente de «Síganme», unha convocatoria a un esforzo colectivo, máis ca o mandato de seguir o líder. Malia Obama ter unha biografía que o sitúa como o candidato presidencial coa historia de vida máis

<sup>7</sup> Senhor Luiz Inácio “Lula” da Silva, Presidente da República Federativa do Brasil; Belém, Pará, 29/01/2009. Discurso do Presidente da República, Luiz Inácio “Lula” da Silva, durante o encontro com participantes do Fórum Social Mundial 2009: painel “América Latina e o Desafio da Crise Internacional”.

diferente na historia dos Estados Unidos, nunca buscou facer un capital político do feito de non ser parte da elite política, ao contrario de Sarah Palin. Para algúns dos seus críticos, un dos erros de Barack Obama é que procura demasiado o consenso á custa de comprometer os seus ideais, demasiada articulación das diferenzas e demasiados poucos antagonismos, aínda que o seu estilo consensual sexa pouco fiable para a dereita populista, que prospera cos antagonismos ata o límite da paranoia e cre que Obama non é cidadán estadounidense. Malia todo, «Si, nós podemos» captura brillantemente o optimismo retórico que Kazin sostén que fixo do populismo un modo de persuasión tan poderoso e que deu esperanza e voz a millóns de cidadáns afroamericanos marxidados que non se sentían representados por outros políticos.

## CONCLUSIÓNS

Estou a argumentar aquí que os políticos como Pepe Mujica, Lula da Silva e Barack Obama son populistas? Se así fose, non estaría a afirmación a expandir aínda máis un concepto en por si altamente promiscuo? E que dicir das implicancias políticas de chamarlles «populistas» a un grupo de políticos tan dispares? En verdade non estou a soster iso. En primeiro lugar, penso que é importante ter en conta a advertencia de Kazin (1998: 6) de que os debates sobre quen é ou non un verdadeiro populista con frecuencia son unha forma de enunciar as opinións políticas de quen emite ese xuízo, ou debería dicir as aversións desa persoa? En segundo lugar, como sostiven anteriormente, o populismo é un entre a variedade de discursos usados polos políticos para estableceren relacións de identificación cos seus respectivos públicos. É por iso polo que uso o termo «intervencións populistas» para expresar que, en última instancia, o populismo se refire a certa estratexia política, máis ca á personalidade dun líder. Na práctica aínda lles chamamos «populistas» a algúns líderes, malia que, cunhas poucas excepcións, determinar quen son e por que son populistas é algo que é froito de fortes polémicas. Na medida, e só na medida, en que o modo populista de identificación é central para a apelación do líder e para a súa estratexia política, pódese dicir que un líder como Hugo Chávez *é* populista. En terceiro lugar, o modo populista de identificación ten varias dimensións ás que me referín como 1) «falar coma



o pobo» (a irrupción simbólica dun indicador de exclusión na esfera pública); 2) «falar polo pobo» (dar voz ás reivindicacións daqueles que non se senten representados no sistema); 3) unha estratexia política (a política do antagonismo), e 4) unha promesa normativa de redención. Pódese pensar nestas dimensións como unha clase de gradiente político que se estende desde os niveis máis baixos de «populismidade» aos máis altos. Pode argumentarse que estas distincións son máis analíticas ca substantivas, mais a maioría dos estudos sobre populismo centráronse na construción discursiva do antagonismo entre «o pobo» e a estrutura establecida de poder como a esencia que o define. No discurso populista, porén, este antagonismo é só parte dun camiño político de redención que conduce á plena incorporación daqueles que se perciben a si mesmos como privados dalgún dereito fundamental, económico ou político, ao corpo político. Nalgúns discursos populistas a liberación do pobo da opresión require refundar a orde política. Outros, no entanto, ao buscaren articular as reclamacións do colectivo constituído polos privados de recoñecemento e representación, enmarcan o conflito entre os débiles e os máis poderosos dentro dun conxunto común de normas de procedemento democrático e do recoñecemento de intereses comúns. Existe neles a conciencia de que a equidade e o pluralismo son dous aspectos da orde política democrática que necesariamente inclúen conflito e negociación e buscan promover unha orde política máis inclusiva que dá voz e beneficios a aqueles que se atopan nos niveis sociais máis baixos.

Quizais, con todas as advertencias e excepcións sinaladas antes, aínda se poida falar de dous tipos de populistas ou, polo menos, dous tipos de apelación populista: un é antisistémico, de maiorías, polarizado e baseado na lóxica dos antagonismos, desprovistos de calquera tipo de mediación institucional ou valorativa. O outro é unha mestura de políticas pragmáticas e redentoras que, ao tempo que denuncia as fallas da orde democrática e as limitacións das institucións para redefiniren o verdadeiro significado da democracia, reforza o pluralismo democrático dando voz aos excluídos e creando, no proceso, un *demos* máis inclusivo. Talvez se lle poida chamar a este «populismo inclusivo» para o distinguir do populismo de maiorías.

Por que, entón, non ir un paso máis aló e chamarlles, aos líderes que loitaron para lle dar ao pobo recoñecemento e reivindicación pero que ao mesmo tempo recoñecen que aqueles do outro lado da partición populista tamén teñen intere-

ses lexítimos que requiren compromiso e reconciliación, «populistas bos» para os distinguir daqueles que, valéndose de levar ata o límite a estratexia do «nós contra eles», acaban fracturando as sociedades e creando novas formas de exclusión en ambos os lados da división política? Coido que hai boas razóns para non tomar esta opción á lixeira. Primeiro, no seu uso de sentido común, o populismo é unha marca de tal toxicidade que non debería ser outorgada liviamente a aqueles que a perciben como un termo que implica a descualificación política. Segundo, mesmo se ningunha estratexia política do mundo real pode ser definida puramente en termos de relacións de antagonismos, se cremos que o antagonismo entre o pobo e os seus opresores é o elemento que define o populismo, a vontade de o transcender a través do recoñecemento de lexítimas diferenzas, tanto no interior do *demos* como entre o pobo e os seus adversarios, significa que o termo «populismo inclusivo» pode, de certo, ser un caso de extensión conceptual.

Finalmente, na análise das variedades posibles do populismo hai tamén un trazo normativo. Algunhas veces, o pragmatismo, a reconciliación e o compromiso poden non ser necesariamente algo bo. Pénsese, por exemplo, no fracaso do estilo político pragmático do presidente Lula da Silva para limpar a fosa séptica de corrupción da política brasileira. Pola contra, algúns académicos teñen defendido as rupturas populistas como necesarias para a creación dunha orde social máis xusta en países como Bolivia e Ecuador e aínda en Venezuela. Hai indicacións que amosan que algúns líderes comunmente vistos como «populistas [radicais] malos» na América Latina son cada vez máis conscientes deste argumento e mesmo poderían estar abertos a seren vistos como populistas. Curiosamente, talvez, este poder transformador do populismo é aquel que o «populista bo» Pepe Mujica tivo en mente cando apuntou que, dentro de certos contextos, o populismo pode ser considerado un cualificativo honroso. A distinción entre populistas bos e malos, en última instancia, depende da política de cada un. Cando se trata dunha análise política pode ser imposible evitar os xuízos de valor, mais é importante deixar en claro sobre que bases se realizan e neste artigo busquei resaltar as zonas grises que matizan un tema presentado demasiadas veces en branco e negro.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ABTS, Koen / Stefan RUMMENS (2007): «Populism and Democracy», *Political Studies*, 55:2, 405-424.
- ARCE, Moisés / Roberta RICE (2009): «Social Protest in Post-Stabilization Bolivia», *Latin American Research Review*, 44:1, 88-101.
- ARDITI, Benjamín (2004): «Populism as a Spectre of Democracy: A Response to Canovan», *Political Studies*, 52:1 (marzo), 135-143.
- BOWMAN, Glenn (2005): «Constitutive Violence and the Nationalist Imaginary: The Making of ‘The People’ in Palestine and ‘Former Yugoslavia’», en Francisco Panizza (ed.), *Populism and the Mirror of Democracy*, Londres, Verso, 118-143.
- BUXTON, Julia (2009): «Venezuela: It’s Not the Economy Stupid». Relatorio presentado na conferencia *Latin American and the Caribbean in the Global Financial Crisis*. Institute for the Study of the Americas and Foreign and Commonwealth Office, Londres, 21-22 April.
- CANOVAN, Margaret (1999): «Trust the People!: Populism and the Two Faces of Democracy», *Political Studies*, 47, 2-16.
- CAPRILES, Colette (2008): «The Politics of Identity: Bolívar and Beyond», *ReVista. Harvard Review of Latin America* (Fall), 8-10.
- CORONIL, Fernando (2008): «Chávez’s Venezuela: A New Magical State?», *ReVista. Harvard Review of Latin America* (Fall), 3-4.
- DIAS LEITE, Pedro (2006): «Lula diz que, sem reforma, novos escândalos surgirão», *Folha de São Paulo*, 24 de xullo (<http://www1.folha.uol.com.br/folha/brasil/ult96u80639.shtml>).
- DORNBUSCH, Rüdiger / Sebastian EDWARDS (eds.) (1991): *The Macroeconomics of Populism in Latin America*, Chicago, University of Chicago Press.
- FREIDENBERG, Flavia (2008): «El flautista de Hammelin: liderazgo y populismo en la democracia ecuatoriana», en Carlos de la Torre / Enrique Peruzzotti (eds.), *El retorno del pueblo: populismo y nuevas democracias en América Latina*, Quito, FLACSO Ecuador/Ministerio de Cultura, 189-237.
- GATTO, Hebert (2009): «Cultura villera y política», *El País Digital*, 2 de setembro (<http://www.elpais.com.uy/Paginas>) [última consulta: setembro, 2009].
- HIDALGO, Manuel (2009): «Hugo Chávez’s Petro-Socialism», *Journal of Democracy*, 20:2, 78-92.
- HUNTER, Wendy / Timothy POWER (2007): «Rewarding Lula: Executive Power, Social Policy and the Brazilian Election of 2006», *Latin American Politics and Society*, 49:1, 1-30.
- KAZIN, Michael (1998): *The Populist Persuasion: An American History*, Ithaca/Londres, Cornell University Press.
- KNIGHT, Alan (1998): «Populism and Neo-Populism in Latin America, Especially in Mexico», *Journal of Latin American Studies*, 30:2, 223-248.
- KOHL, Benjamin / Linda FARTHING (2006): *Impasse in Bolivia: Neoliberal Hegemony and Popular Resistance*, Londres, Zed Books.
- LACLAU, Ernesto (1977): *Politics and Ideology in Marxist Theory*, Londres, Verso.
- LACLAU, ERNESTO (2005a): «Populism: What’s in a Name?», en Francisco Panizza (ed.), *Populism and the Mirror of Democracy*, Londres, Verso, 32-49.
- LACLAU, ERNESTO (2005b): *On Populist Reason*, Londres, Verso.
- LANZARO, Jorge (2009): «Social Democracy Lives in Latin America» (<http://projectsyndicate.org/commentary/lanzaro1>).

- LEVITSKY, Steven / María Victoria Murillo (2008): «Argentina: From Kirchner to Kirchner», *Journal of Democracy*, 19:2 (abril), 16-30.
- LOWNDES, Joseph (2005): «From Founding Violence to Political Hegemony: The Conservative Populism of George Wallace», en Francisco Panizza (ed.), *Populism and the Mirror of Democracy*, Londres, Verso, 144-201.
- MORALES, Evo (2006): discurso de posesión do presidente constitucional da República, Evo Morales Aima, pronunciado o 22 de xaneiro de 2006, Portal de la Presidencia de Bolivia (<http://www.presidencia.gob.bo>) [última consulta: xuño, 2009].
- MUJICA, José (2009a): «Más populista será tu abuela!», *Pepe tal cual es* [blog], 1 de xuño (<http://www.pepetalcuales.com.uy/articulo/14>) [última consulta: setembro, 2009].
- MUJICA, José (2009b): «Represento a los de abajo», *Espectador.com*, 28 de xuño ([http://www.espectador.com/1v4\\_contenido\\_print.php?id=155498](http://www.espectador.com/1v4_contenido_print.php?id=155498)) [última consulta: xuño, 2009].
- MUJICA, José (2009c): «Gobernar no es hacer lo que se quiere. Es zurcir, bordar y tejer», *Pepe tal cual es* [blog], 1 de abril (<http://www.pepetalcuales.com.uy/articulo/5/>).
- NOGUEIRA, Alejandro (2009): «El palo de la colmena», *El País Digital*, 21 de xuño (<http://www.elpais.com.uy/Paginas>) [última consulta: xuño, 2009].
- PANIZZA, Francisco (2005): «Introduction», en Francisco Panizza (ed.), *Populism and the Mirror of Democracy*, Londres, Verso, 1-31.
- PANIZZA, Francisco / Romina MIORELLI (2009): «Populism and Democracy in Latin America», *Ethics and International Affairs*, 23:1 (primavera), 39-46.
- PENFOLD-BECERRA, Michael (2007): «Clientelism and Social Funds: Evidence from Chávez's Misiones», *Latin American Politics and Society*, 49:4, 63-84.
- PERUZZOTTI, Enrique (2008): «Populismo y representación democrática», en Carlos de la Torre / Enrique Peruzzotti (eds.), *El retorno del pueblo: populismo y nuevas democracia en América Latina*, Quito, FLACSO Ecuador/Ministerio de Cultura, 97-124.
- RIUORT, Matías (2007): «La economía venezolana en el 2007 y perspectivas para el 2008», *Temas de Coyuntura*, 56 (diciembre), 115-126.
- ROBERTS, Kenneth M. (1995): «Neoliberalism and the Transformation of Populism in Latin America: The Peruvian Case», *World Politics*, 48, 82-116.
- ROBERTS, Kenneth M. (2007): «Latin America's Populist Revival», *The SAIS Review of International Affairs*, 27:1 (invierno-primavera), 3-15.
- ROBERTS, Kenneth M. (2008): «The Mobilization of Opposition to Economic Liberalization», *Annual Review of Political Science*, 11 (xuño), 327-349.
- SCHMITT, Carl (1988): *The Crisis of Parliamentary Democracy*, Cambridge, MA, The MIT Press.
- SILVA, Luiz Inácio da (2009): discurso do presidente da República, Luiz Inácio «Lula» da Silva, durante o encontro con participantes do Foro Social Mundial 2009: panel «América Latina e o Desafio da Crise Internacional», Pará, 29 de xaneiro (<http://afinsophia.wordpress.com/2009/01/30/lula-e-presidentes-da-america-do-sul-desmistificam-a-crise-no-fsm-amazonia-2009/>).
- SILVA, Luiz Inácio da (2002): «Carta ao povo brasileiro», Partido dos Trabalhadores, Diretório Nacional, 22 de xuño (<http://200.205.248.99/site/jornalismo/openew.asp?IDNews512822&TPNews53>) [última consulta: xuño, 2003].

- STIGLITZ, Joseph (2006): «Is Populism Really So Bad for Latin America?», *New Perspectives Quarterly*, 23:2 (primavera), 61-62.
- SUÁREZ, Hugo José (2003): *Una semana fundamental. 10-18 octubre 2003*, La Paz, Muela del Diablo.
- TALVI, Ernesto (2009): «Tendencias socioculturales y cambio político», *CERES. Resumen de prensa* (maio), Montevideo, CERES.
- TORRE, Carlos de la (1994): «Velasco Ibarra and 'La Revolución Gloriosa': The Social Production of a Populist Leader in Ecuador in the 1940s», *Journal of Latin American Studies*, 26:3, 683-711.
- TORRE, Carlos de la (2002): *Populist Seduction in Latin America*, Athens, Ohio University Centre for International Studies.
- TORRE, Carlos de la (2009): «Populismo radical y democracia en los Andes», *Journal of Democracy en Español*, 1 (xullo), 24-38.
- WEYLAND, Kurt (2001): «Clarifying a Contested Concept: Populism in the Study of Latin American Politics», *Comparative Politics*, 34:1 (outubro), 1-22.
- WEYLAND, Kurt (2007): «Politics and Policies of Latin America's Two Lefts: The Role of Party Systems vs. Resource Bonanzas», preparado para o 26<sup>th</sup> Congress of the Latin American Studies Association, Montreal, 5-9 de setembro.
- ZUCCO, César (2008): «The President's 'New' Constituency: Lula and the Pragmatic Vote in Brazil's 2006 Presidential Elections», *Journal of Latin American Studies*, 40:1, 29-49.
- ZUQUETE, José Pedro (2008): «The Missionary Politics of Hugo Chávez», *Latin American Politics and Society*, 50:1, 91-121.